

BASES DO 1º CONCURSO DE FOTO E LITERATURA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE SAN SADURNIÑO

A Biblioteca municipal de San Sadurniño convoca un concurso de fotografía con motivo do 23 de abril, Día do Libro, que xuntará a creación visual e a inspiración literaria.

O certame nace coa intención de promover unha mirada persoal sobre o territorio de San Sadurniño, convidando á veciñanza a reinterpretar os seus recunchos e paisaxes a través do diálogo entre imaxe e palabra.

A proposta vai máis alá da fotografía tradicional, xa que será necesario acompañar cada instantánea dun título e dun fragmento literario que complementa, contraste ou amplíe o seu significado, establecendo así unha conexión entre o patrimonio natural ou cultural e o universo da literatura.

Deste xeito buscamos non só poñer en valor a riqueza do noso concello, senón tamén espertar a curiosidade, a sensibilidade artística e o gusto pola lectura entre as persoas participantes.

O concurso rexeráse polas seguintes bases:

1. As fotografías serán sobre algún lugar do concello de San Sadurniño elixido libremente pola autora ou autor, ao que deberá engadírselle o fragmento ou anaco dun libro no que esa imaxe estea inspirada, xunto co seu título.
2. A este certame poderase concorrer dende os 12 anos de idade en diante.
3. As fotografías cumprirán os seguintes requisitos para poder concursar:
 - Ter proporcións 3x2 ou 2x3 (tamaño mínimo de 15x10 ou 10x15 cm) e 300 píxeles por polgada de resolución.
 - Ser orixinais e inéditas.
 - Poderase concursar soamente cunha fotografía por participante.
 - Xunto coa fotografía deberá constar o título do libro no que está inspirada e un fragmento deste relacionado con ela. Os datos persoais da autoría constarán nun documento aparte que leve por nome o pseudónimo ou expresión anónima.
4. O envío das obras poderá realizarse por vía electrónica no enderezo de correo Bbibliosansa@hotmail.com. Achegaranse, por separado, un arquivo comprimido coas obras en pdf anonimadas e outro arquivo comprimido co listado dos títulos, os datos da autoría de cada obra e un correo electrónico de contacto. Outra vía de entrega



será achegando a obra nun sobre pechado, con todo o citado anteriormente, na biblioteca municipal (dentro do seu horario de apertura).

5. O prazo de admisión das obras será do 01 de abril ao 23 de abril, ambos incluídos.
6. O xurado estará constituído por tres persoas que teñan relación profesional ou formativa coas artes plásticas e visuais. Valorará, entre outros aspectos, a orixinalidade dos traballos, a creatividade para relacionalos con obras literarias e o seu desenvolvemento técnico.
7. O fallo do xurado será inapelable.
8. As fotografías ganadoras serán expostas na Casa da Cultura, xunto cos fragmentos literarios.
9. Concederanse tres premios, relacionados cos libros e a lectura. Os premios fallaranse o día 28 de abril e contactarase coas persoas ganadoras para comunicarlles a data da entrega.
10. Presentarse ao concurso supón aceptar integramente estas bases.